

XOGOS DESCUBRIMENTO AUTÓNOMOS



Museo do Pobo Galego

Estamos ante unhas actividades nas que os e as participantes van facendo un percorrido que, aínda que pautado, ten unha parte importante de descubrimento e de necesaria construción do propio coñecemento sobre os contidos do Museo.

- Os xogos están recomendados para alumnado que teña moi pouco o ningún coñecemento da entidade e para facer baixo a dirección do persoal docente do centro educativo.
- Non se recomenda que haxa máis de 35/40 alumnos e alumnas xogando á vez no Museo.
- Faranse grupos de 4 ou 5 alumnos e alumnas que levarán unha copia das follas de ruta coas pistas e un lapis ou boli.
- Existen dúas ou tres follas de ruta que comezan e rematan en salas diferentes para que os e as alumnas non estean, a un tempo, no mesmo sitio.
- É importante antes de comezar o xogo, presentar o Museo ao alumnado e lembrarlles a súa responsabilidade cun patrimonio que é de todas as persoas. Tamén deles e delas.
- Para unha mellor orientación deberase repasar xunto co alumnado o plano do edificio e indicarlles o elemento central de circulación que é a escaleira helicoidal.
- Na procura das pistas primará o traballo cooperativo tentando a distribución de tarefas entre os e as alumnas que integren cada equipo deixando claro que non hai premio nin gañadores e que do que se trata é de facer a visita ao Museo dun xeito máis ameno.
- Ao remate do xogo é conveniente realizar unha posta en común para fixar coñecementos, falar sobre estes, aclarar dúbidas e avaliar a actividade.

Lembrede que ante calquera dúbida, consulta ou incidencia, o persoal de sala e de recepción está aí para axudarnos.

Educación e Acción Cultural
MUSEO DO POBO GALEGO
(0034)981583620
deac@museodopobo.gal
www.museodopobo.gal